

PRAZA DA FERRERÍA

Cincuenta anos de Balbino, «un rapaz de aldea»

CHELO LAGO

consuelo.lago@lavoz.es

1 «Eu son... Balbino. Un rapaz de aldea. Coma quen di, un ninguén. E ademais, pobre». Así comezaba **Xosé Neira Vilas** o seu libro *Memorias dun neno labrego*, que viu a luz o 5 de xaneiro de 1961. Cúmpanse pois, 50 anos da súa publicación en Buenos Aires, e con tal motivo, a Biblioteca Pública amosa a exposición *Querido Balbino* para celebrar a data. É que Balbino, o protagonista, envellecceu ben, —igual que o seu autor, presente onte no acto—, no en van é a obra en galego máis traducida. Publicouse «na nosa modesta editorial, Follas Novas, cunha tirada de 2.000 exemplares —recorda Xosé Neira—, e **Fernández del Riego** pediume 300 para distribuír en Galicia». Anos despois sería **Díaz Pardo** con Edicións do Castro, e desde entón, «saíron en galego 31 edicións, nove delas de 10.000 exemplares, e tamén publicouse en Madrid coa tradución que eu mesmo fixen ao castelán, e na Habana, cunha tirada inicial de 70.000 exemplares».

Traducións

Lago virían edicións en linguas tan diversas como inglés, francés, ruso, chinés, ucraniano, italiano, alemán, románico, sueco, búlgaro, checo, portugués, italiano e ata esperanto, ademais del euskera, catalá e asturiano. La ONCE editouno en braille. Ata decembro do 2009, circulaban por todo o mundo uns 600.000 exemplares. E iso sen mediar ningunha axencia literaria nin xestión por parte do autor, que explicou ese fenómeno dicindo, con modestia, que «vese que o tema do neno explotado é universal». Ante as traducións a outras linguas, advertiu que «o meu nome do



Neira Vilas explica unha das imaxes da exposición ao director xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, Francisco López Rodríguez, e ao vicepresidente da Deputación, José Juan Durán. **CAPOTILLO**

autor importaba pouco, pero si importaba, e así consta en cada edición, que se trata dunha obra escrita orixinalmente en lingua galega, que moitos descubriron precisamente mediante estas traducións, descubriron que esta esquina de Europa ten unha lingua de seu, unha lingua secular na que contamos cunha rica literatura».

Parto natural

O escritor de Vila de Cruces recordou a xénese da súa obra. «En 1960 eu estaba emigrado en Buenos Aires, tiña ao lombo trinta anos e levaba once de trasterrado. A esas alturas xa sabía moitas cousas de Galicia, xa estudara xornalismo e outras disciplinas, xa me convertera nun

activista fervoroso da cultura galega e da defensa da identidade de Galicia; levaba dentro unhas vivencias da aldea e das penurias da xente, sobre todo, rapaces. Xa escribira moito na prensa de Buenos Aires e publicara un caderno de versos, ese mesmo ano en que empecei escribir *Memorias dun neno labrego*. Tiña a madurez necesaria, era o tempo preciso e o texto foi saíndo coma nun parto natural, tras longa xestación». Escribiuno durante o segundo semestre de 1960, no café a Bella Viena, no barrio porteño de Villa Urquiza. «Escribín a man nun caderno, como escribía o protagonista. **Evencio**, un camareiro ourensá, foi o primeiro lector do que ía facendo, e logo, xa en limpo, **Anisia** (a

súa muller), **Rafael Dieste** e **Luis Seoane**, que deseñou a cuberta».

Exposición

2 Neira Vilas manifestou a súa alegría «por esta conmemoración pois non é frecuente cun libro siga interesando a tanta distancia da súa aparición, e alégrome tamén por estar vivo, por acharme deste lado da fronteira e contar o conto», frase que esperito o sorriso dos presentes. **Valentín García**, comisario da mostra, explicou que está articulada en torno á historia de Neira Vilas ao longo destes cincuenta anos, e da historia do propio libro «o texto en galego máis traducido e difundido polo mundo enteiro». Pensando especialmente



La muestra recoge también la aportación de diferentes artistas que plasmaron en lienzo o papel su particular visión sobre Balbino, el protagonista del libro de Neira Vilas.

na mocidade e no espazo en que se exhibe, preséntase un minitúnel no que se proxecta un audiovisual con imaxes e documentos relativos á obra e ao seu autor. Tamén figuran obras pictóricas de artistas que aportaron a súa visión do neno protagonista, como **Xaquín Marín, Antón Pellido, Esperanza Lema, Siro López, Chema Pazos, Federico Fernández** e **Armando Salgueiro**. A mostra complétase cun catálogo no que autores como **Blanco Amor, Carballo Calero, Fina Casalderey, Salvador Espriu, Celso Emilio Ferreiro** ou **Otero Pedrayo**, entre outros, opinan sobre o relato. O libríño complétase cunha carta que Neira Vilas escribe a Balbino, 50 anos despois e lle conta como mudou Galicia.

PROGRAMA BO CAFÉ

Programa para o impulso á incorporación de café e azucre de comercio xusto na hostalería da nosa cidade

Sabías que o café é o produto que máis divisas xerara no mundo despois do petróleo e só un 3% dos beneficios revirten nos máis de 25 millóns de produtores e as súas familias

Informate en:
AMARANTE SETEM
Praza da Verdura, 4
Teléfono 986 84 81 59
correo: cxusto@amaranteong.org
www.bocafe.org

amarante
www.amaranteong.org